

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE MONDARIZ PARA A ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN COMPACTADOR PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

Santiago de Compostela, 08 de maio de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Pablo Barcia Bello, alcalde do Concello de Mondariz, en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Constitución española sinala no seu artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Seguindo este mandato constitucional, cómpre impulsar políticas públicas de cooperación interadministrativa, en especial no mantemento dos servizos públicos de carácter local que teñen un impacto directo na calidade de vida das persoas.

Segundo. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA), recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Así mesmo, o actual contexto de austeridade e control do gasto público no que se desenvolve a actuación do conxunto das administracións obriga a activar medidas tendentes á xestión eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de garantir a prestación de servizos á cidadanía en condicións de calidade e igualdade.

Terceiro. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, mediante subvencións eventuais ou continuas, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Cuarto. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Quinto. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopa a protección do ambiente, da salubridade pública, os servizos de limpeza viaria, así como a recollida e a xestión de residuos.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, previr e mitigar os efectos adversos sobre o ambiente ou promover unha maior eficiencia na recollida de residuos.

Sexto. O Concello de Mondariz manifestou a necesidade urxente de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a adquisición dun camión compactador destinado á recollida de residuos de competencia municipal.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se atopa este concello que dispón de dous vehículos de recollida separada da fracción resto e envases e embalaxes lixeiros, que arrastran graves problemas mecánicos debido á súa antigüidade, frecuencia de uso e a distancia percorrida diariamente, facendo que as reparacións nestes vehículos sexan cada vez mais frecuentes e custosas. Como consecuencia, a xestión de residuos de competencia municipal no Concello de Mondariz resulta cada vez mais deficitaria, se cabe, e precaria.

Por todo o anterior, resulta preciso a renovación do parque móbil municipal destinado á recollida separada de residuos da súa competencia, comezando polo subministro dun camión compactador, de carga posterior, de nova fabricación, tecnoloxicamente mais eficiente en vistas a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e de maior capacidade para realizar a recollida separada dos residuos domésticos municipais.

Non cabe dúbida da necesidade inmediata de substituír os vehículos dos que dispón o Concello de Mondariz por outros de características adaptadas as súas necesidades, co

obxecto de que os servizos de recollida de lixo do Concello poidan manter a operatividade e continuar desenvolvendo as súas funcións coa debida eficacia.

O Concello manifestou a posibilidade real de ser beneficiario dunha subvención económica para o cofinanciamento da compra do camiión polo importe do 30% do importe do subministro a través da liña 1 (Investimentos), do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MAIS PROVINCIA) 2025, publicadas o día 2 de xaneiro de 2025 no BOPPO Núm 1 e solicita da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia a concesión dunha subvención polo restante 70% do importe do vehículo.

A falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Mondariz de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade urxente de asistencia, manifestada polo Concello de Mondariz e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Mondariz.

Oitavo. Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as necesidades do Concello de Mondariz, co fin de que esta entidade local poida mellorar a prestación dos servizos municipais e, xa que logo, recuperar o normal funcionamento das funcións que ten encomendadas e dos servizos que se lle prestan á veciñanza e así mesmo contribuír á conservación, á reposición e á restauración do medio ambiente.

Noveno. O Concello de Mondariz cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, acreditou o cumprimento do deber de remisión da conta xeral do exercicio 2023 ao Consello de Contas de Galicia.

Décimo. A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (CP 2015.00088 PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO DOS ENTES LOCAIS) na que existe crédito adecuado e suficiente.

Décimo primeiro. Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e ao considerar que concorren as circunstancias que así o aconsellan, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Mondariz acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Mondariz para a adquisición dun camión compactador para a recollida separada de residuos da súa competencia, **cun orzamento total de 261.239,00€ (IVE incluído)** e coas características técnicas que se especifican no anexo I a este convenio, do cal forma parte.

Segunda. Obrigas do concello.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do Concello de Mondariz:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Tramitar o expediente de contratación da subministración conforme a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas; será o concello contratante o responsable directo das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
4. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
5. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula oitava deste convenio.
 - c. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda a cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- 6. Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede a subvención durante un período mínimo de cinco anos, e reintegrar as cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu remate, unha modificación que afecte a natureza do investimento.
 - 7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 - 8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - 9. Subministrar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
 - 10. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

- 1. A Xunta de Galicia, a través da **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, cooperará na realización da actuación a que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de **cento oitenta e dous mil oitocentos sesenta e sete con trinta euros (182.867,30€)** con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (CP 2015 00088 proxectos de desenvolvemento do entes locais) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025. Este importe representa o **70% do orzamento total** do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.
- 2. O **Concello de Mondariz** achegará, con cargo aos seus créditos orzamentarios, a cantidade de **setenta e oito mil tres centos setenta e un mil con setenta euros (78.371,70€)**, que supón o **30 % do orzamento total** da actuación obxecto deste convenio, que se imputarán con cargo á partida municipal correspondente do seu orzamento de gastos para o exercicio 2025.

3. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, e manterase constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

Cuarta. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos en que incorrese o Concello de Mondariz como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, mesmo aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

Quinta. Publicidade dos convenios subvencionados

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade do financiamento do proxecto incluíndo na rotulación do vehículo o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo coa imaxe corporativa oficial.

Para isto seguirase o modelo establecido no anexo II deste convenio, sen prexuízo de que a entidade beneficiaria incorpore o seu propio escudo e a indicación do servizo ao cal estará afectado o vehículo.

Quinta. Conta xustificativa

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o Concello de Mondariz deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:
 - a) Facturas tramitadas conforme o procedemento que rexe para a Administración local.
 - b) Declaración responsable asinada electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, na cal se faga constar:
 - O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, polas distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
 - Que o Concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

- c) Informe da intervención municipal no que se manifeste se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.
- d) Certificación emitida e asinada electronicamente polo secretario ou pola secretaria do concello beneficiario, na cal se faga constar:
 - O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario das facturas, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención e que inclúa a relación de gastos con identificación das persoas acreedoras (traballador/a, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Axencia Tributaria), número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga.
 - Que, segundo informe da secretaría do Concello de Mondariz, na tramitación e contratación da subministración, se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.
 -
- e) En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar fotografías, en soporte dixital, do vehículo nas cales se aprecie a rotulación coa publicidade do financiamento da Xunta de Galicia conforme ao modelo do anexo II deste convenio.
- f) Nos supostos en que sexa esixible, a entidade beneficiaria deberá presentar:
 - Documento acreditativo da publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
 - Copia compulsada da resolución de adxudicación do equipamento, onde quede acreditado que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

Á vista desta documentación o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento por parte do concello beneficiario e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

2. A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.
3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 1 de decembro de 2025.
4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Sexta. Subcontratación parcial ou total

1. Para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio o Concello de Mondariz poderá subcontratar parcial ou totalmente o investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo do proxecto subvencionado, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente.

2. A tramitación da contratación dos equipamentos ou servizos será realizada polas entidades beneficiarias conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, especificamente a que rexe as contratacións das entidades locais, e serán estas as responsables directas das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán acreditar, xunto coa documentación xustificativa da subvención, a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei.

Tamén deberán achegar a resolución de adxudicación do equipamento, na cal se xustifique que a elección entre as ofertas presentadas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

Sétima. Efectividade dos pagamentos

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberao asinar electronicamente a persoa representante da entidade beneficiaria.

Oitava. Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito do Concello de Mondariz ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:
 - a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:
 - Non executar, dentro do prazo fixado neste convenio, o proxecto completo que fundamentou a resolución de concesión.
 - Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas na tramitación e contratación da subministración que constitúen o obxecto da subvención.
 - Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula quinta.
 - c) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para concesión da subvención.
3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Novena. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

- a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o Concello comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.

- c) Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao pagado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe acadar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
- d) O incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos establecidos na cláusula oitava constitúe causa de reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora correspondentes.
- e) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décima. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do vehículo subvencionado.

Décimo primeira. Modificación do convenio.

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, a través das correspondentes addendas e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
2. Respecto da subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.
3. Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes e xuntaralle a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:
 - a) Memoria xustificativa, na cal se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.
 - b) Orzamento ou proxecto modificado.
 - c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas.

Décimo segunda. Facultades de inspección

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda.

En concreto, no caso de subvencións superiores a 60.000,00 €, con carácter previo á proposta de pagamento realizarase a comprobación material do investimento, do cal quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada por unha persoa representante da Administración e pola persoa representante da entidade beneficiaria. A comprobación material poderá encomendárselle a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, poderase substituír esta comprobación por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

Décimo terceira. Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes do Concello.
2. A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estará presidida por quen acorden os membros da Comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.
3. A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.
4. As súas funcións serán:
 - Interpretación do convenio
 - Intervención previa á resolución por incumprimento
 - Proposta, de ser o caso, de addendas
 - Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes
 - Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo cuarta. Causas de resolución

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo quinta. Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Décimo sexta. Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo sétima. Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo oitava. Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décimo novena. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes

Alcalde do Concello de Mondariz

Diego Calvo Pouso

Pablo Barcia Bello

Anexo I. Orzamento do proxecto

Orzamento base	215.900,00 Euros
I.V.E. (21%)	45.339,00 Euros
Total do orzamento	261.239,00 Euros

A modo orientativo, as principais características técnicas deste equipamento son:

Camión compactador, de carga posterior, de entre 20-25 m³ de capacidade, comprendido como unha unidade completa, é dicir, composto por chasis e caixa recolectora/compactadora, para realizar a recollida separada dos residuos (resto e EELL) de competencia municipal, o cal contará como mínimo coas seguintes características técnicas:

1. Medidas do vehículo con chasis e caixa compactadora.

O vehículo subministrado non deberá exceder das seguintes medidas:

- a) Lonxitude total máxima: 10.000 mm.
- b) Altura Total: 3.800 mm aprox.
- c) Ancho total: 2.550 mm aprox.
- d) Distancia entre eixos: Entre o 1º e 2º eixo 4.200 mm aprox.

2. Chasis do vehículo.

Chasis de aproximadamente 26.000 kg de MMA, que permita unha carga mínima de 10.500 Kg, cumprindo como mínimo as seguintes condicións:

- Motor diésel de seis cilindros, inxección directa, distribución traseira, homologado para a normativa EURO 6 (ou a legalmente en vigor).
- Potencia superior a 360 CV.
- Caixa de cambios automática ou automatizada.
- Parametrización da caixa de cambios con Programa de Condución adecuado e específico para o servizo que se vai a prestar.
- Preparado para toma de forza continua motor, cun par mínimo superior aos 450 Nm e con relación de transmisión o máis próxima a 1:1.
- Dirección servohidráulica integral.

- Eixo motriz traseiro.
- A distancia máxima entre o 1º e o 2º eixo será de aprox. 4.200 mm ou inferior.  Suspensión anterior por ballestas parabólicas reforzada e posterior pneumática. O terceiro eixo será direccional.
- Capacidade técnica de carga dos eixos mínima (aprox.):
 - Anterior: 7.500 kg.,
 - Posterior: 11.500 kg.,
 - Eixo adicional: 7.500 kg.
- Bloqueo de diferencial do eixo traseiro.
- Freos dianteiros e traseiros de disco con accionamento pneumático de dobre circuito con sistema EBS e BAS. Control electrónico ABS e ASR.
- Axuda de arranque en pendentes (bloqueo de desprazamento en costas)
- Sistema de freos dotado de ABS, EBS e asistente de freado a fondo
- Freos de discos ventilados nos tres eixos
- Indicador de grosor de pastillas de freo en cadro de instrumentos, con avisador de desgaste.
- Freo de estacionamento electrónico.
- Equipado con ESP (control de estabilidade antivuelcos).
- Depósito de combustible cunha capacidade mínima de 200 litros.
- As condicións da cabina serán as seguintes:
 - Cabina curta en chapa de aceiro abatible.
 - Volante axustable en altura e inclinación.
 - Dispoñerá de asento de condutor e para 2 acompañantes. Asento do condutor con regulación pneumática.
 - Tacógrafo.
 - O equipamento de cabina será o máis completo posible, debendo incluír preferiblemente horómetro destinado ao control do tempo efectivo de traballo do motor do vehículo.
 - Elevalunas eléctrico.
 - Dispoñerá obrigatoriamente de aire acondicionado ou climatizador.
 - Os espellos retrovisores serán o máis panorámicos posible, poderán facilmente retraerse e contarán necesariamente cun dispositivo calefactor para evitar o empañamiento en situacións de humidade ou frío. A súa fixación non será sobre a lúa dianteira nin ningún outro cristal da cabina. O retrovisor dereito con regulación eléctrica.
 - Taboleiro de mandos con todos os elementos necesarios para o control do vehículo e a detección de mal funcionamento que poida ser causa de avaría ou accidente.
 - Lavaparabrisas de accionamento automático (sensor de choiva).
 - Asistente de luces de estrada.

- Conexión automática de luces de cruzamento (sensor de luz).
- Dispoñerá das sinalizacións, luces e extintores previstas na lexislación e nas normativas de tráfico en vigor. Dispoñerá de dous faros xiratorios en cor ámbar homologado en cabina e dun faro xiratorio en cor ámbar homologado na parte traseira da caixa, así como da iluminación adecuada da zona de traballo do elevador para traballos nocturnos.
- Dispoñerá dos elementos e mecanismos necesarios para que poida limitarse a velocidade en circulación normal por cidade ou estrada.
- Un sinal acústico que se accione automaticamente nas operacións de marcha atrás con posibilidade de desconexión.
- Central electrónica preparada para norma de Carrocero EN-1501 (recolector de residuos) que permita a súa parametrización, con función de freo en paradas.
- Roda de reposto.
- Sistema control de presión e temperatura de pneumáticos, con información no display do condutor.
- Desconectador de baterías eléctrico, e sistema de xestión de estado das baterías, con aviso de nivel crítico de voltaxe e/ou intensidade.
- Panel de teclas na porta de condutor, accionables desde fóra coa porta aberta, e configurables para as funcións que se precisen.
- Pantalla de visualización integrada para a cámara de marcha atrás, activable cando esta se accione.
- ADAS: Asistentes de Sistemas de Seguridade segundo o regulamento GSR2.

3. Caixa compactadora de carga traseira:

- Construída en chapa de aceiro e seleccionado para cada tipo de traballo en función do seu límite elástico, carga de rotura, antiabrasión e antidesgaste.
- Os perfís estruturais serán de aceiro e de espesor e características que garantan o fin ao que están destinados.
- Tolva reforzada de 8 mm aprox., fabricada en aceiro antidesgaste.
- Estará protexida por pintura anticorrosiva elástica de calidade poliuretano e con tratamento superficial previo, decapado, desengraxado, fosfatado e dúas capas de imprimación base antioxidante.
- A capacidade da caixa será de 20-25 m³ aprox. (sen tolva receptora).
- A capacidade útil mínima da tolva será de aprox. 2,5 m³.
- A velocidade de compactación será de aprox. 6 m³/minuto.
- Panel de control en cabina con monitor en cor tipo TFT que permita controlar en todo momento o proceso de recollida e con acceso rápido e detallado pulsando un botón. Sistema de diagnóstico.

- Botoneras e elementos de control e traballo no exterior da caixa para o accionamento e selección do ciclo de prensado, timbres de aviso, paros de emerxencia, accionamento do elevador, movemento placa exectora e movemento do tail-gate.
- Dispoñerá dos elementos de carga e compresión necesarios para lograr unha compactación de 6 a 1 aprox., así como os elementos precisos para o correcto funcionamento dos mesmos e de seguridade para o operario que o manexe.
- O sistema de compactación está formado basicamente polo trineo, a pa e a placa exectora (que controla a presión de compactación), e accionado por cilindros hidráulicos de dobre efecto.
- Opcións de compactación en marcha e compactación 0 para materia orgánica.
- A carga realizarase de forma que non sexa necesario someter ao motor do camiión a grandes aceleracións. O nivel sonoro do equipo será o máis baixo posible, mesmo a plena carga.
- A descarga dos residuos será por placa exectora deslizante ao longo da caixa por guía laterais, de aceiro de alta resistencia, mediante patíns rectangulares autolubricados e que excederá o bordo da caixa en máis de 10 cm para asegurar a descarga completa do lixo na planta de transferencia dos residuos e facilite as operacións de mantemento.
- Retención exectora variable con control desde cabina.
- Recollida de lixiviados con válvula de descarga e fácil limpeza na caixa compactadora.
- Todo o conxunto da caixa e tolva será estanco para evitar que os líquidos presentes nos residuos sexan vertidos ao chan. Este portón estará unido á caixa con bisagras na parte superior. A cinemática de apertura desbloqueará o seguro na primeira fase do movemento. O peche efectuarao en orde inversa. Estes cilindros estarán protexidos por válvulas pilotadas para casos de fallo hidráulico ou perda de aceite por rotura de latiguillos.
- Cadro de válvulas e circuítos centralizado e insonorizado. A localización dos elementos tales como distribuidores etc. dispóñanse nunha zona concreta do equipo e que esta sexa de fácil acceso para a intervención en caso de avaría ou mantemento.
- A carrocería contará con sistema de engraxamento centralizado automático de caixa e elevador.
- O equipo incorporará unha cámara de visión traseira dixital para visualizar completamente a zona de traballo posterior e facilitar a manobra de marcha atrás.
- Estribera con superficie antiescorregadiza e asideros ergonómicos na parte posterior para 2 operarios. Con control de presenza nos estribos por detectores de peso.
- Unha saída de lixiviados dianteira cunha válvula e manguera. Chapa de retención de líquidos na parte dianteira da caixa.
- Xanela lateral de inspección da tolva..
- Puntal de seguridade en tail-gate.
- Interfono bidireccional de comunicación entre a parte traseira do vehículo e cabina.

4. Características do elevador:

- Equipado con elevador de contedores na parte posterior, con peite e brazos para contedores de residuos de entre 800 a 1.100 litros de capacidade, con sistema de seguridade no enganche do contedor desde o principio do movemento de elevación e co máximo de apoio do contedor.
- Equipado con sistema de selección de cubo ou contedor para axustar a velocidade e capacidade de elevación.
- Potencia de elevación mínima de 500 kg.
- Sistema de aprehensión semiautomática asistida de cubos no inicio de movemento.
- Accionamento do mecanismo polo operario para a elevación e descenso dos contedores cunha soa man con seguridade.
- Mecanismo de elevación e descarga do contedor axeitado para mellorar o trato aos mesmos. Equipado con sistema retentor de cubos e contedores que free a inercia do mesmo ao final do seu movemento e ramplas de apertura de tapas curvas de contedores.
- Dous botoneras completas situadas na parte traseira do tail-gate. Captador final carreira superior elevador contedores.
- Preparado para sistema de pesada en elevador MOBA.

Anexo II. Medidas de publicidade

COLOCACIÓN DO RÓTULO:

- A rotulación colocarse na zona baixa dos laterais do vehículo en dirección de cara adiante, entre os dous pases de roda.

CORES:

- As cores correspondentes á Xunta de Galicia serán as definidas na imaxe corporativa.

INSTRUCCIÓN PARA O RÓTULO:

- O escudo e o nome do concello non serán de tamaño superior ao da Xunta de Galicia
- O tamaño do rótulo será proporcionado ao tamaño do vehículo.
- Medidas orientativas: 65 cm x 45 cm

 XUNTA DE GALICIA	LOGOTIPO E NOME DO CONCELLO
INSERIR TEXTO RELATIVO AO SERVIZO AO QUE SE ADSCRIBIRÁ O VEHÍCULO (Opcional)	